



anpa@anpaescolasnieto.es

www.anpaescolasnieto.es

<https://www.facebook.com/ANPAescolasnieto/>

A Anpa dá a benvida a todas as familias ó novo curso. Hai catro cursos que comezamos o noso proxecto, con ilusión e resultados moi satisfactorios, aprendendo cada día e intentando a mellora constante, contando coa vosa confianza.

Un curso máis que comeza con incertidume e descoñecemos as actividades que podemos levar a cabo, traballaremos máis ca nunca para conseguir, idear, organizar actividades para as familias da escola, iremos informándovos de todas as actividades, ideas e eventos que se vaian realizando, agradecemos calquera colaboración ó respecto que nos queirades aportar.

Entre as principais actividades que organizamos ó longo desde tempo, están:

- Donación á Escola de material de prevención COVID.
- Festa de Nadal, Entroido e Fin de Curso.
- Concurso de Samaín.
- Organización de charlas e proxectos educativos.
- Xestión de extraescolares.
- Organización do evento de antigos alumnos (coa presenza do alcalde e membros destacados da sociedade)
- Xestión da lotería de Nadal.
- Organización da visita do Paxe Real, agasallos e chocolatada polo Nadal.
- Mellora e acondicionamento dos patios da escola.
- Aportación de material nas aulas de EI.
- Creación de medios de comunicación cercanos ás familias.
- Intermediación entre familias e a escola.
- Colaboración coa organización do Festival de Fin de Curso.
- Mellora nos prezos de reportaxe escolar e servizo de madrugada.
- Excursión a Cíes para familias, con prezos subvencionados para as familias socias.
- Descontos significativos no prezo da excursión de fin de curso.

Estamos á vosa disposición no correo electrónico anpa@anpaescolasnieto.es ou mediante a nosa páxina de Facebook, Instagram e páxina web.

Lembramos que asociarse e participar coa Anpa é moi importante para conseguir proxectos que aporten beneficios para tod@s @s alumno@s.

Entregase un carné de socio, co que se obteñen descontos en numerosas entidades que se van actualizando na web e no facebook segundo se van obtendo acordos. No caso de que inda non dispoñas del, abonda con mostrar o recibo de pago da cuota de socio.

A cuota anual é a seguinte, segundo o número de fillos escolarizados de cada familia:

- 1º fillo: 18 euros
- 2º fillo: 12 euros
- 3º fillo: 6 euros

Podes solicitar domiciliación bancaria; só deberás cubrir o [formulario](#) descargable na nosa [web](#). Esperamos a vosa participación, despedímonos desexando que teñades un bo curso.

Atentamente, Anpa Escuelas Nieto